

EXPOSICIÓN
DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN


Bebedeira de ensoños




Unha produción de Editorial Galaxia
para a Consellería de Cultura, Educación
e Universidade



EDITORIAL GALAXIA

 Xacobeo 21-22 XUNTA
DE GALICIA



Coido que debedes e poderades celebrar nesa o Día das Letras Galegas. Eu estaría de acordo con que por esta vegada, tiverades un armisticio e celebrarades todos xuntos para conquistar o meirante brillo na celebración. Todo sería para ben de Galicia, das nosas letras e para honrar a memoria da nosa primeira figura literaria.

(Carta a Roxelio R. de Breaña, 17-V-1963)

A EXPOSICIÓN

PRESENTACIÓN

A Editorial Galaxia, baixo o comisariado de Ricardo Gurriarán, sobriño-neto do persoeiro recoñecido en 2022 co Día das Letras Galegas, presenta a exposición titulada *Florencio Delgado Gurriarán. Bebedeira de ensoños*.

EDITORIAL GALAXIA

FLORENCIO CUN ANO DE IDADE.
(ca.1904)



A EXPOSICIÓN

De carácter informativo e didáctico, divídese en dúas partes:

15 paneis explicativos que percorren a vida e a obra de Florencio Manuel Delgado Gurriarán.

Os paneis repasan a traxectoria vital e biográfica do autor homenaxeado, permitíndolle ao espectador asistir a unha rápida viaxe, rigorosa e amena, para comprender quen foi, que nos deixou e que implica a figura de Florencio Manuel Delgado Gurriarán.



A FAMILIA GURRIARÁN, CELEBRANDO O ANINOVO EN 1931, NA CASA DO BARCO (FOTO: BLANCO PASCUAL).

GUIÓN DA EXPOSICIÓN

Título: *Florencio Delgado Gurriarán. Bebedeira de ensoños*

Produción: Editorial Galaxia

Comisariado: Ricardo Gurriarán

Ricardo Gurriarán Rodríguez (*O Barco de Valdeorras*, 1953) é doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela (2004), coa tese *A investigación científica en Galicia (1900-1940): institucións, redes formativas e carreiras académicas: A ruptura de Guerra Civil*. As súas liñas d investigación son a cultura deportiva e a Guerra Civil española.

Conta cos premios: Premio de investigación Tertuliano Herve-lla 2003, 9ª ed., do IEV por *Gonzalo Gurriarán (1904-1975)*; Premio da Crítica Galicia de investigación 2007 por *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago 1900-1940*; e o Premio Lois Peña Novo no ano 2015, 21ª edición.

ENTRE AS SÚAS PUBLICACIÓNS DESTACAN:

- *Florencio Delgado Gurriarán, vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Edicións do castro. 1999.
- *Da prerromanización ao wolfram, apuntamentos históricos das explotacións mineiras en Valdeorras*. tórculo Edicións. 2000.
- *Gonzalo Gurriarán Gurriarán (1904-1975)*. IEV. 2005.
- *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940) do influxo institucionista e a JAE á depuración do profesorado*. 2006.
- *Obella Vidal. Investigador, empresario e galeguista (PDF)*. Foro Peinador. 2009. Arquivado dende o orixinal (PDF) o 13 de abril de 2016. Consultado o 05 de agosto de 2016.
- *Inmunda escoria, a universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968*. Xerais de Galicia. 2010.
- *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, 2012 (exposición, coordinador e comisario).
- *Galicia ten un referente: Isidro Parga Pondal*. Deputación Provincial da Coruña. 2014.
- *Enrique Peinador Lines e Mondariz. Empresa, turismo e país (PDF)*. Foro Enrique Peinador. 2016.

CONTIDO GRÁFICO

PRESENTACIÓN E PANEIS

A exposición abrírase cun roller de presentación, ao que seguirá 15 paneis organizados tematicamente nas seguintes seccións:

- PANEL INTRODUTORIO E DE CRÉDITOS (panel 0)
- DA NENEZ Á UNIVERSIDADE (panel 1 e 2)
- GALEGUISMO E REPÚBLICA (paneis 3 a 5)
- GUERRA CIVIL E EXILIO (paneis 6 a 10)
- A VOLTA A GALICIA E ÚLTIMOS ANOS (paneis 11 a 13)
- LIÑA DE VIDA